**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 22 DE MARZO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **VINTEDOUS DE MARZO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e Dº MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ e Dº KLAUS BREY MONTAÑA** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluidos na orde do día, que declaran urxentes:

**1.- Proposta da Alcaldía de 21 de marzo de 2012 sobre cobro dos padróns do lixo dos anos 2011 e 2012.**

Vista a proposta da Alcaldía de data 21 de marzo de 2012, no que se sinala:

"*Proposta da Alcaldía:*

*Visto que no plan de axuste que está desenvolvendo o Concello de Silleda de acordo ao Real Decreto Lei 4/2012 de 24 de febreiro deberá incluir o reforzo de eficacia de recadación executiva.*

*Visto que están pendentes de cobro so padróns do lixo do ano 2011 e 2012.*

*Propoño o seguinte acordo:*

*Solicita ao Oral que se inclúa na próxima cobranza do 30 de abril ao 2...*



Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21
Rúa do Trasdeza, nº55.
36540 Silleda - Pontevedra

*xullo os padróns de lixo dos anos 2011 e 2012"*

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

- Solicitar ao Oral que se inclúa na próxima cobranza do 30 de abril ao 2 de xullo os padróns de lixo dos anos 2011 e 2012.

**2.- Dar conta de declaración responsable de implantación de actividade de Ana Belén Pampín Asorey para apertura do establecemento destinado a masaxes e terapias alternativas.**

A Alcaldesa da conta da declaración responsable de fecha 20 de marzo de 2012, presentada por Ana Belén Pampín Asorey, mediante escrito de data 20 de marzo de 2012, Rexistro de Entrada nº 1327 de data 20 de marzo de 2012, que se transcribe:

*"DECLARACIÓN RESPONSABLE DE APERTURA DE ESTABLECIMIENTO.*

*ANA BELEN PAMPIN ASOREY, mayor de edad, con Documento Nacional de Identidad número 76.820.158-C, y domicilio a efectos de notificaciones en Rúa do Parque, número 20, bajo de Bandeira, Ayuntamiento de Silleda, **en relación con el Proyecto Técnico de Acondicionamiento de Local para destinar a Centro de Masajes y Terapias Alternativas, sita en la Rúa do Parque, número 20, Bajo de Bandeira, Ayuntamiento de Silleda**, redactado por el Arquitecto Técnico José Pereiras Sánchez, visado por el Colegio Oficial de Aparejadores y Arquitectos Técnicos de Pontevedra, en fecha 14 de Diciembre de 2011, y presentado en las dependencias municipales junto con la pertinente solicitud de Licencia Municipal de Obra y Actividad, con Registro de Entrada de fecha 19 de Diciembre de 2011:*

*DECLARA RESPONSABLEMENTE*

*1.- Que las obras se encuentran ejecutadas.*
*2.- Que las obras se ajustan fielmente al proyecto presentado.*
*3.- Que cumplen estrictamente la normativa de aplicación fijada por el PXOM y demás normativa aplicable para la apertura de este tipo de actividades.*

*En base a lo anteriormente declarado, y teniendo por presentado el escrito de Declaración Responsable de Apertura de Establecimiento, con fecha 20 de Marzo*

*de 2.012, procederé al inicio de la Actividad mencionada, mientras se continúa con la oportuna tramitación del expediente de apertura."*

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta declaración notificándollo á interesada.

3.- **Licencia actividade definitiva (RAMINP). Ampliación de estabulación de gando vacún, a situar nas fincas números 29 e 38, polígono 1, do plano de concentración parcelaria de Siador, situadas nas proximidades do lugar de Cóscaros, parroquia de Siador (Silleda). SAT MEIXOMENCE.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Licencia Nº 2806-4776/08. Visto o expediente instruido a instancia de S.A.T. MEIXOMENCE, na súa representación Miguel Louzao Meijomence, solicitando Licencia de actividade para ampliación de estabulación de gando vacún, a situar nas fincas números 29 e 38, polígono 1, do plano de concentración parcelaria de Siador, situadas nas proximidades do lugar de Cóscaros, parroquia de Siador (Silleda)

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 25 de marzo de 2011 acorda:

*"3.1.1..- Licencia Nº 2806-4776/08. Visto o expediente instruido a instancia de S.A.T. MEIJOMENCE, solicitando Licencia de actividade para ampliación de estabulación de gando vacún, a situar nas fincas números 29 e 38, polígono 1, do plano de concentración parcelaria de Siador, situadas nas proximidades do lugar de Cóscaros, parroquia de Siador (Silleda).*

*RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal*

*RESULTANDO: Que elevado á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, este Organismo, con data 23 de novembro de 2009, (Rexistro de Entrada nº 5817, de data 02 de decembro de 2009), sinálase que na situación actual do hórreo e do seu contorno non se considera necesario condicionar a ampliación da explotación. Non obstante, de poder recuperar as pezas, recoméndase a reconstrucción do hórreo separándoo da nave e situándoo máis próximo á vivenda.*

CONCELLO DE SILLEDA SECRETARÍA



Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21
Rúa do Trasdeza, nº55.
36540 Silleda - Pontevedra

*RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 10 de maio de 2010, (Rexistro de Entrada nº 2191, de data 19 de maio de 2010), sinálase que tras a entrada en vigor da Lei 2/2010 de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), (DOG nº 61, do 31 de marzo) e de acordo co preceptuado nos artigos 36 e seguintes en relación co artigo 33 da LOUG, na súa nova redacción, estes expedientes non precisan autorización autonómica previa resultando competente para a súa tramitación ese concello mediante a concesión de licenza urbanística municipal.*

*RESULTANDO: Que elevado o Departamento Territorial do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, este Organismo, con data 18 de febreiro de 2010, (Rexistro de Entrada nº 847, de data 01 de marzo de 2011) informa en sentido favorable, calificando dita actividad como Molesta, Insalubre e Nociva, CD. 012-42, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:*

*a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.*
*b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.*
*c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
*d) Na vista de comprobación previa á concesión da licenza deberá acreditarse a estanquidade, e impermeabilidade da fosa de xurro mediante certificación do técnico responsable da dirección das obras, en ningún momento poderán existir vertidos directos ao medio rural. Terá peche perimetral. A fosa estará cuberta e terá capacidade suficiente para que permita unha estancia do xurro en repouso de 3-4 meses unha vez cheas e antes da súa distribución.A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o "RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias", e o "RD lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas". Cumprimento da lexislación en materia de subproductos de orixe animal. Cumprimento da normativa de protección de becerros.*

*RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.*

*CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcións legais.*

*Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da* ***licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade,*** *CONDICIONADA A*



CONCELLO DE SILLEDA SECRETARÍA

*esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente e Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as tasas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."*

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 16 de marzo de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, Miguel Louzao Meijomence (en representación de SAT MEIXOMENCE), que literalmente dí:

***"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS***

*Actividade:* *"Ampliación de estabulación de gando vacún, a situar nas parcelas números 29 e 38, polígono 1, do plano de concentración parcelaria de Siador, situadas nas proximidades do lugar de Cóscaros, parroquia de Siador (Silleda)".*

*Calificación:* *Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (rexistro de entrada no Concello nº 847 de data 01-Marzo-2011) a actividade califícase como MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA C.D. 012-42.*

*Certificación:* *Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA do técnico redactor do PROXECTO e director da obra, Don Brais Vázquez Rey, Enxeñeiro Técnico Agrícola, e Don Mario Fernández Redondo, redactor do proxecto, de data 19-setembro-2008, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o día 22 de Setembro de 2008, nº 1340/08 (Po), e con ENTRADA no Concello de SILLEDA:*
*Data: 24-setembro-2008.*
*Núm. de rexistro: 4319*

*Titular da actividade: S.A.T. MEIXOMENCE, na súa representación don Miguel Louzao Meijomence.*

*No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 17:30 horas do día 28 de febreiro do ano 2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil,*



Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21
Rúa do Trasdeza, nº55.
36540 Silleda - Pontevedra

*atopándose nas parcelas números 29 e 38, polígono 1, do plano de concentración parcelaria de Siador, situadas nas proximidades do lugar de Cóscaros, parroquia de Siador (Silleda), en presencia de Don Miguel Louzao Meijomence, con D.N.I. 76.799.151-N, e efectua a visita de comprobación demandada polo interesado en data 24-Setembro-2008 e referida á licencia municipal nº 2806-4776/08 según COMISIÓN DE GOBERNO do dia 25-Marzo-2011.*

*Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS e CERTIFICADO DE ESTANQUEIDADE E IPERMEABILIDADE DA FOSA DE PURINES, asinado polo técnico Don Brais Vázquez Rey e visado.*

*A continuación examinase si se adoptaron todalas medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.*

*De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Ampliación de estabulación de gando vacún, a situar nas parcelas números 29 e 38, polígono 1, do plano de concentración parcelaria de Siador, situadas nas proximidades do lugar de Cóscaros, parroquia de Siador (Silleda)".*

**A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación acorda:** a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a S.A.T. MEIXOMENCE, para ampliación de estabulación de gando vacún, a situar nas parcelas números 29 e 38, polígono 1, do plano de concentración parcelaria de Siador, situadas nas proximidades do lugar de Cóscaros, parroquia de Siador (Silleda).

**4.- Licencia de segregación. Parcela 931, polígono 8 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada. Antonio Troitiño Doval.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Vista a solicitude de data 17 de xuño de 2011, presentada por don Antonio Troitiño Doval, Rexistro de Entrada nº 2586, de data 17 de xuño de 2011, de licencia de segregación da parcela nº 931, polígono 8 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, referencia catastral 36052S508009310000KO.

Visto que con data 21 de marzo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do



CONCELLO DE SILLEDA SECRETARÍA

Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico desfavorable no que se sinala:

"

| | |
|---|---|
| *Solicitante* | ***Antonio Troitiño Doval*** |
| *Data de rexistro* | ***17/06/2011 Nº 2586 Data escrito 17/06/2011*** |
| *Solicitude* | ***Licenza de segregación*** |
| *Tipo de obra* | ***Maior*** |
| *Emprazamento* | ***Parcela 931, polígono 8 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada.*** |
| *Referencia Catastral* | ***36052S508009310000KO*** |
| *Proxecto* | ***Non consta*** |

*NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

*1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
*1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
*1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
*1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
*1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.*
*1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002*
*1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
*1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
*1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
*1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
*1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
*1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
*1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
*1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
*1.15 Planeamento do Concello de Silleda*
*1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
*1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*

CONCELLO DE SILLEDA SECRETARÍA



Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21
Rúa do Trasdeza, nº55.
36540 Silleda - Pontevedra

*1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*
*1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*
*1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*
*1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002*
*1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002*
*1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981*
*1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*
*1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*
*1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984*
*1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984*
*1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984*
*1.16 Concordantes*

*ANTECEDENTES:*

*1. O 17 de xuño de 2011 Antonio Troitiño Doval solicita licenza de segregación para a parcela de referencia. Aporta copia do plano de concentración parcelaria, copia de recibo de pago do IBI do ano 2010, certificación catastral descriptiva e gráfica de bens inobles de natureza rústica e documento privado de compraventa de casa e parcela de un ferrado, asinada en Freixeiro, Laro, o 19 de outubro de 1984.*

*INFORME TÉCNICO:*

*2. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico.*

*3. Visto o expediente de referencia, no que se solicita a segregación da parcela descrita, infórmaselle que a redación actual da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, no seu artigo 206, referente a licenzas de segregación, establece o seguinte:*

> *Artigo 206. División e segregación de predios en solo rústico.*
> *1. No solo rústico non se poderán realizar nin autorizar parcelamentos, divisións ou segregacións, excepto aqueles que deriven da execución, conservación ou servizo de infraestruturas públicas, da execución de equipamentos públicos, da realización de actividades extractivas ou enerxéticas, da execución do planeamento urbanístico ou que teñan por*

*obxecto a mellora das explotacións agropecuarias existentes.*
*En todo caso, respectarase a superficie mínima e indivisible que determine a lexislación agraria.*
*Con todo, **poderá autorizarse a división de parcelas vacantes de edificación por razón de partición de herdanzas, sempre que se faga constar o compromiso expreso de non edificar os lotes resultantes e non afecte a solos de especial protección agropecuaria**. Esta condición de inedificabilidade dos terreos débese facer constar expresamente no rexistro da propiedade e en todos os actos de transmisión da propiedade.*
*Tamén poderá autorizarse, coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas lindantes, a segregación e simultánea agregación en unidade de acto.*

*2. Os actos de segregación ou de división da propiedade que se puidesen permitir por aplicación do disposto nos números anteriores estarán suxeitos en todo caso a licenza municipal. Para a tramitación e obtención dela, deberá solicitarse coa documentación escrita e gráfica necesaria para a identificación precisa do acto que se instou.*

*4. Á vista do exposto, dado que como se aprecia na certificación catastral, escritura privada de compraventa e ortofoto de Google Earh do día 13 de abril de 2010, **a parcela obxecto de segregación non está vacante de edificación**, polo que non se pode exceptuar o cumprimento do artigo 206.1 parágrafo segundo.*

***Polo que o técnico que subscribe considera que a solicitude non cumpre o establecido no artigo 206 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, na sua redacción actual, polo que se INFORMA DESFAVORABLEMENTE a solicitude."***

**A Xunta de Goberno Local segundo o contido do informe técnico acorda:** denegar a don Antonio Troitiño Doval a licencia de segregación da parcela nº 931, polígono 8 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, referencia catastral 36052S508009310000KO.

**5.- Dar conta da resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, en relación ó Plan de Acción Municipal 2011 - Sección Actividades.**

A Alcaldesa da conta da comunicación do Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, de 09 de marzo de 2012, sobre a resolución da presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, (Rexistro de Saída da Deputación



Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21
Rúa do Trasdeza, nº55.
36540 Silleda - Pontevedra

Provincial do 12 de marzo de 2012, nº 002826, Rexistro de Entrada no Concello nº 1248), de data 15 de marzo de 2012, que transcríbese a continuación:

*"Vista a documentación xustificativa presentada polo Concello de Silleda, en relación á subvención concedida para realizar a actividade "ACTIVIDADES DO ENTROIDO", nº 2011000547, incluída no PAM/2011 - Sección Actividades, e o informe da Intervención de data 23/02/2012 que fiscaliza o aboo desta axuda, RESOLVO APROBAR á xustificación parcial da subvención mencionada e DECLARAR DE ABOO a favor do Concello de Silleda, a cantidade de 2.269,33 €, con cargo á aplicación 12/942.942.462.00.2011 do vixente Orza mento Provincial.*

*Na conta xustificativa inclúense dos subvencións concedidas polo Concello á Asociación Cultural Veciños de Lamela, polo importe de 500,00 € y 300,00 €, respectivamente, no previstas no orzamento de gastos presentado polo Concello inicialmente.*

*Polo exposto, a subvención concédese sobre un orzamento de 4.771,00 €, o que supón que a Deputación financia o 62,88 % dos gastos programados a realizar. A xustificación realizada, deducidos os 800,00 €, ascende a 3.609,00 € polo que a cantidade máxima a percibir é de 2.269,33 €."*

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta resolución.

**6.- Proposta da Alcaldía de data 22 de marzo de 2012 sobre corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de marzo de 2012 relativo a cesión de Xestur e IGVS ao Concello de Silleda no Parque Empresarial Área 33 (Silleda).**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, segundo o contido da proposta de Alcaldía de 22 de marzo de 2012 (e correxido tamén erro de transcripción na data do convenio sendo correcta 6 de marzo de 2009), por unanimidade dos presentes, acorda:**

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 15 de marzo de 2012, relativo a **Cesións de Xestur e IGVS ao Concello de Silleda no Parque Empresarial Área 33 (Silleda).**

Observado erro no mencionado acordo, relativo o indicado no informe técnico de data 15 de marzo de 2012, emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello Lino Manuel Doporto Framil, por omisión na cesión do IGVS de:

CONCELLO DE SILLEDA SECRETARÍA

| CESIÓN IGVS | fase | Marxe | Superficie | Valor do Solo proxecto de expropiación | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Espazo sobrante sen segregar entre a parcela 42 e a 41 | 1 | B | 12.164 | 3,97 | 48.291,32 € |

**A Xunta de Goberno Local, acorda** a inclusión desta parcela, **quedando o acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de marzo de 2012 redactado da seguinte forma:**

"2.- *Cesións de Xestur e IGVS ao Concello de Silleda no Parque Empresarial Área 33 (Silleda).*

*En relación a continuación do expediente relativo ao convenio e posterior adenda ao mesmo, suscritos polo Concello de Silleda, o IGVS e Xestur Pontevedra, S.A., en data 06 de marzo de 2009 e 15 de setembro de 2009, respectivamente, relativos ás cesións ao Concello de Silleda de certos terreos sitos no Parque Empresarial, a fin de regularizar a súa situación patrimonial, da preceptiva aceptación da referida cesión, previa a formalización de escritura pública e inscrición no Rexistro da Propiedade de Lalín.*

*Visto o informe xurídico de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 28 de febreiro de 2012 que sinala:*

*"A adquisición de bens a título gratuíto non está suxeita a ningunha restrición; no entanto se a adquisición levara aparellada algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire.*

*No caso de que a cesión sexa gratuíta pero sen condición onerosa, o artigo 12 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, establece que a adquisición de bens a título gratuíto non estará suxeita a restrición algunha, con todo recoméndase que leve a cabo un procedemento, mediante o que se analice se é positivo aceptar a cesión para o Concello.*

*A Lexislación aplicable é a seguinte: 1.- A Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Contratos del Sector Público.. 2.- Os artigos 12 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

CONCELLO DE SILLEDA SECRETARÍA



Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21
Rúa do Trasdeza, nº55.
36540 Silleda - Pontevedra

*Órgano competente: En relación ao órgano competente para resolver, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de noviembre, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, de 30 de outubro: 1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de suministro, de servicios, de xestión de servicios públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cuando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento ni, en cualquiera caso, a cuantía de seis millons de euros, incluidos os de carácter plurianual cuando a sua duración non sexa superior a catro años, sempre que o importe acumulado de todas as suas anualidades non supere nin o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a cuantía sinalada.*

*Asimesmo corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais a adxudicación de concesions sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millons de euros, así como o alleamento del patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe nin a cuantía indicados.*

*No presente suposto, e dado que segundo decreto de Alcaldía de 4 de Xullo de 2011, esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local, este Órgano é o competente para acordar a aceptación da cesión obxecto do presente informe.*

*A Resolución ou o Acordo será notificado aos interesados, e procederase á inscrición do ben no Libro Inventario de Bens do Concello así como no Rexistro da Propiedade."*

*Visto o informe de Intervención, de data 29 de febreiro de 2012, que sinala:*

*"Informe de Intervención:*

*O importe dos recursos ordinarios do orzamento 2012, que é o do ano 2010 prorrogado, ascende a 4.262.550,45 euros, seno o 10 por cento deste recursos 426.255,04 euros".*

*Visto que con data 15 de marzo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emitese informe no que se sinala:*

***"INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DE CESIÓN DE PARCELAS NO POLÍGONO EMPRESARIAL ÁREA 33 DE SILLEDA.***

CONCELLO DE SILLEDA SECRETARÍA

## *NORMATIVA DE APLICACIÓN.*

*1. REAL DECRETO LEGISLATIVO 2/2008, de 20 de junio, por el que se aprueba el texto refundido de la ley de suelo.*

*2. REAL DECRETO 1492/2011, de 24 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento de valoraciones de la Ley de Suelo*

## *INFORME DE VALORACIÓN.*

*Consultados os valores do proxecto de expropiación, efectuado por valoración conxunta, do momento da expropiación dos terreos para a creación do polígono industrial, obtivéronse os seguintes valores:*

*Prezo dos terreos: 1.309.585 €*
*Superficie: 33 HA (330.000 m2)*
*Valor do solo= 1.309.585 € / 330.000 m2* → *Valor do solo: 3,97 €/m2*

*Partindo deste valor, obténse o valor total das cesións:*

| CESIÓN XESTUR | fase | Marxe | Superficie | Valor do Solo proxecto de expropiación | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| *Sistema Viario urb.* | *2* | *A* | *23189* | *3,97* | *92.059,42 € A* |
| *Equipamento Deportivo* | *2* | *A* | *5918* | *3,97* | *23.494,06 € B* |
| *Zonas verdes e espacios libres* | *2* | *A* | *22386* | *3,97* | *88.872,42 € C* |
| *Parcela 5* | *2* | *A* | *789* | *3,97* | *3.131,81 € D* |
| *Parcela 4.5* | *2* | *A* | *1552* | *3,97* | *6.159,49 € E* |
| *Sistema Viario urb.* | *2* | *B* | *13577* | *3,97* | *53.900,69 € F* |
| *Zonas verdes e espacios libre* | *2* | *B* | *9123* | *3,97* | *36.218,31 € G* |
| | | | | | |
| *CESIÓN IGVS* | | | | | |
| *Parcela 8 (bombeiros)* | *2* | *A* | *5999* | *3,97* | *23.814,92 € H* |
| *Parcela 5 (Consellería de Medio Ambiente)* | *2* | *A* | *6722* | *3,97* | *26.686,[illegible]* |

CONCELLO DE SILLEDA SECRETARÍA



Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21
Rúa do Trasdeza, nº55.
36540 Silleda - Pontevedra

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *Parcela 26* | *1* | *B* | *1874* | *3,97* | *7.439,78 € J* |
| *Espazo sobrante sen segregar entre a parcela 42 e a 41* | *1* | *B* | *12164* | *3,97* | *48.291,32 € K* |
| ***TOTAL*** | | | | | ***410.068,57 €*** *L=A+B+C+D+E+F+G+H+I+J+K* |
| *TOTAL PARCELAS CON APROVEITAMENTO URBANÍSTICO* | | | | | *115.523,67 €* *M=D+E+H+I+J+K* |
| *TOTAL VIAIS* | | | | | *145.960,11 €* *M=A+F* |
| *TOTAL ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES* | | | | | *125.090,73 €* *N=C+G* |
| *TOTAL EQUIPAMENTO DEPORTIVO* | | | | | *23.494,06 € B* |

*Ascende o valor dos terreos cedidos á expresada cantidade de* ***catrocentos dez mil sesenta e oito euros con cincuenta e sete céntimos. (410.068,57 €).*** *"*

*Vistos os informes técnico e de Intervención, dos que se deduce que o valor dos inmobles cedidos non supera o 10% do valor dos recursos ordinarios dos orzamentos/2012 do Concello de Silleda.*

***A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda a aceptación das cesións de Xestur e IGVS no Parque Empresarial Área 33 (Silleda) e notificar este acordo ós interesados.***".

**7.- Escritos de Espina & Delfín S.L.**

**7.1.-** Dase conta do escrito de data 14 de marzo de 2012, Rexistro de Entrada nº 1238, de data 15 de marzo de 2012, remitindo relación de **solicitudes de abastecemento e saneamento,** que foron presentadas no seu día para súa aprobación, según cláusula 51 do Pliego de condiciones para a concesión do servizo de abastecemento de auga e saneamento do concello de Silleda e que atópanse pendentes de aprobación, seguintes:

**Listados Nº 4 e 5.- Solicitudes de abastecemento e saneamento, correspondentes ós meses de abril e maio de 2011**, presentadas mediante escrito de 08 de xullo de

2011, Rexistro de Entrada de data 08 de xuño de 2011, seguintes:

Listado Nº 4) Mes de abril 2011

| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|---|---|
| *Femasi* S.L. | *R/ D, 8 baixo - Silleda* |
| Neira Cebeiro Carlos Alberto | R/ Xeral, 53-4G - Bandeira |
| García Fernández Carlos Germán | Cj. Pepe do Cego, 12 baixo - Bandeira |
| Ferro Pazos Carmen | R/ Morón, s/n portal 2-1I - Silleda |
| Stepaniv Mariya | Barrio do Campo, 7-Portal 3-1G - Silleda |
| Fernàndez Gonzàlez José | Barrio do Campo, s/n - 1B - Silleda |
| Enjamio Castro Javier | Barrio do Campo, 11-Portal 2-1C - Silleda |
| Rosende Carolo Rosalia | R/ Xeral, 53-Ático - Bandeira |
| Femasi S.L. | R/ Venezuela, 50 baixo - Silleda |
| Santas Espiño Verónica | Trav República Argentina, s/n-3F - *Silleda* |
| Promoval S.L. (Fecha solicitud 25/02/11) | R/ Emilio Alonso Paz - Silleda |

Listado Nº 5) Mes de maio 2011

| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|---|---|
| Casas Novas 2001 Promociones S.L. | Barrio do Campo, 19-1A - Silleda |
| Ríos González Alberto | Barrio do Campo, 7-Portal 4-4M - *Silleda* |
| Autocares Lázara S.A. | Polígono Área 33-Parcela 3-4 - Silleda |
| Vázquez Mella Celestino | R/ Da Empanada, 3-2B - Bandeira |
| Vázquez Mella Celestino | R/ Da Empanada, 3-2D - Bandeira |
| Vázquez Mella Celestino | R/ Da Empanada, 3-2E - Bandeira |
| Bouzada Rodríguez Manuel | R/ Progreso, 22-1B - Silleda |



CONCELLO DE SILLEDA
SECRETARÍA

Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21
Rúa do Trasdeza, nº55.
36540 Silleda - Pontevedra

| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|---|---|
| Bouzada Rodríguez Manuel | R/ Progreso, 22-2B - Silleda |
| Bouzada Rodríguez Manuel | R/ Progreso, 22-3B - Silleda |
| Bouzada Rodríguez Manuel | R/ Progreso, 22-4B - Silleda |
| Bouzada Rodríguez Manuel | R/ Progreso, 22-Atc - Silleda |
| Bouzada Rodriguez Manuel | R/ Progreso, 22-Com - Silleda |
| López Abades Manuela | Lg. A Iglesia, 4 baixo - Manduas |
| Vidal Sánchez Beatriz | R/ Venezuela, 61-1C - Silleda |

**Listados Nº 10 e 11.- Solicitudes de abastecemento e saneamento, correspondentes ós meses de outubro e novembro de 2011**, presentadas mediante escrito de 13 de decembro de 2011, Rexistro de Entrada de data 14 de decembro de 2011, *seguintes:*

Listado Nº 10) Mes de outubro 2011

| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|---|---|
| García Iglesias Marina | Barrio do Campo, 7-Portal 4-2K - Silleda |
| Parque 7, S.L. | Barrio do Campo, 7-Baixo Izq - Silleda |
| Femasi S.L. | R/ D, 8 Ático D - Silleda |
| Abeledo Míguez Carmen | Lg. Margaride, 28 baixo - Silleda |
| Valladares Otero Juan José | Barrio do Campo, 7-Portal 3-4J - Silleda |
| Baldonedo Vilariño Mª del Carmen | Lg. Reboredo, 22 baixo - Taboada |
| Cuiña Maceira Manuel | Barrio do Campo, 7-Portal 4-3L - Silleda |
| Sánchez Graña Adelina | Lg. Cabodevila, 29 baixo - Vilar |
| Meijomin S.L. | Lg. Rosende s/n-Granxa - Pont[illegible] |

CONCELLO DE SILLEDA SECRETARÍA

| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|---|---|
| López Belay Mónica | Lg. Gamil, 12-Granxa - Margaride |

Listado Nº 11) Mes de novembro 2011

| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|---|---|
| Costa Varela Ramiro Antonio | Campo do Foxo, 15 - Silleda |
| González Gamallo Gumersinda D | Lg. Reboredo, 23 - Taboada |
| Promotora Lalín 2000 S.L. | R/ República Arxentina, 11-4C - Silleda |

**Listados Nº 12 e 1.- Solicitudes de abastecemento e saneamento, correspondentes ós meses de decembro de 2011 e xaneiro de 2012**, presentadas mediante escrito de 01 de febreiro de 2012, Rexistro de Entrada de data 20 de febreiro de 2012, seguintes:

Listado Nº 12) Mes de decembro 2011

| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|---|---|
| Asoc. Veciños Vilar de Trasdeza | Lg. Cabodevila, s/n - Vilar |
| Eiriz Valladares Jesús | Lg. Carballeda, 1 - Taboada |

Listado Nº 1) Mes de xaneiro 2012

| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|---|---|
| Fernández Torreiro Andrés | Trav República Argentina, s/n-4G - Silleda |
| Rozas Suárez María Elena | R/ Mª Colmeiro, 50-2 - Silleda |
| Pampín Asorey Ana Belén | R/ Do Parque, 20 baixo - Silleda |
| Gunitzealde Indacoechea Mª Victoria | R/ Da Empanada, 5-3F - Bandeira |
| Gunitzealde Indacoechea Mª Victoria | R/ Lourás, 15 3C - Bandeira |
| Rodríguez Fernández Hugo | R/ Trasdeza, 33-2A - Silleda |
| Framiñan Sánchez Raul | Lg. Eirexe, 17 - Taboada |



CONCELLO DE SILLEDA
SECRETARÍA

Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21
Rúa do Trasdeza, nº55.
36540 Silleda - Pontevedra

| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|---|---|
| Com. Propiet. Edificio Reydo I | R/ Lourás, 15 baixo - Bandeira |
| Barros Meijome Manuel | Avda. do Parque, 50 baixo - Silleda |
| Rey Rozados José Ramón | R/ Antón Alonso Ríos, 26-4A - Silleda |
| Rey Sánchez José Antonio | R/ Antón Alonso Ríos, 26-4B - Silleda |
| Lorenzo Hermida Manuel | R/ Outeiro, 9-1 - Silleda |
| Lorenzo Hermida Manuel | R/ Outeiro, 9-2 - Silleda |
| Lorenzo Hermida Manuel | R/ Outeiro, 9-3 - Silleda |
| Fernández Villanueva José | R/ República Argentina, 20-2A - Silleda |

**Listado Nº 2.- Solicitudes de abastecemento e saneamento, correspondentes ó mes de febreiro de 2012**, presentadas mediante escrito de 08 de marzo de 2012, Rexistro de Entrada de data 08 de marzo de 2012, seguintes:

Listado Nº 2) Mes de febreiro 2012

| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|---|---|
| Vicitez Lorenzo Manuel | Rúa Morón, s/n Portal 1-3A - Silleda |
| Noragua S.L. | Rúa Venezuela, 57 Bj - Silleda |
| Rivas Ramos Carlos | Rúa Emilio Alonso paz, 2-3A - Silleda |
| Tato Santos David | Barrio do Campo, 11-Portal 2-1B - Silleda |

**A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda** prestar aprobación ós listados anteriormente mencionados.

**7.2.-** Dase conta do escrito de data 05 de marzo de 2012, Rexistro de Entrada nº 1239, de data 15 de marzo de 2012, remitindo **resumen da conta de explotación do servizo municipal de augas**, correspondente ó ano 2011, no que figuran por trimestres e como resumen anual os datos relativos a número de abonados, m³ e

facturados, volumen de impagados, importe do canon de saneamento da Xunta de Galicia e remuneración de Espina y Delfín, S.L.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**7.3.-** Dase conta do escrito de data 12 de marzo de 2012, Rexistro de Entrada nº 1302, de data 19 de marzo de 2012, remitindo **informe periódico vertido E.D.A.R.** e indicando no mesmo que entrégase a última analítica de control do mesmo e, segundo os parámetros analizados a calidade final do vertido pode definirse como correcta, cumprindo co establecido pola normativa sobre o particular., e indica que os referidos resultados deben remitilos o Concello ó organismo autónomo Augas de Galicia (Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico-Área de Vertidos) da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, según establece a correspondente autorización.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**8.- Aprobación certificación de obra e factura.**

Dase conta pola Sra. Alcaldesa-Presidenta da certificación nº Tres e última, de data 29 de febreiro de 2012 e polo importe de 63.497,29 €, da obra "MELLORA DE RÚAS: MORÓN, ALFONSO TRABAZO E BRAÑA DO MEDIO NO NÚCLEO URBÁN DE SILLEDA E A RÚA PARQUE NO NÚCLEO DE BANDEIRA E PEATONALIZACIÓN DA RÚA CARTAGENA.", executada por TRANSPORTE Y MAQUINARIA, C.P., S.L, e factura correspondente.

**A Xunta de Goberno Local dacordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes acorda:**

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Tres e Última da obra "MELLORA DE RÚAS: MORÓN, ALFONSO TRABAZO E BRAÑA DO MEDIO NO NÚCLEO URBÁN DE SILLEDA E A RÚA PARQUE NO NÚCLEO DE BANDEIRA E PEATONALIZACIÓN DA RÚA CARTAGENA.", por importe de 63.497,29 € asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal Director das Obras. Dº Lino Doporto Framil, e polo contratista "Transportes y Maquinaria C.P., S.L." (Jesús Castro Puente) en data 29 de febreiro de 2012.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte:

CONCELLO DE SILLEDA SECRETARÍA



Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21
Rúa do Trasdeza, nº55.
36540 Silleda - Pontevedra

| FACTURA | | PROVEEDOR | IMPORTE con IVA |
|---|---|---|---|
| Fecha | Número | | |
| 29.02.12 | 04/12C | Transportes y Maquinaria CP., SL. | 63.497,29 € |

---

*E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión* as quince horas, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 22 de marzo de 2012.

Vº e Prace
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada